

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 12 DE FEBREIRO DO 2026.

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Doce de Febreiro do Dous mil vinte e seis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 05/02/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202602/123

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 09/02/2026. DECRETO: "EXCLUSIÓN DA OFERTA QUE NON ACADA A PUNTUACIÓN MÍNIMA NA PRIMEIRA FASE DA LICITACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS PROPOSICIÓN ADMIITIDAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBEIRA"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202602/172

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 11/02/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE



CONTRATACIÓN DO SERVIZO PROFESIONAL DE ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA DE
ESTRANXEIRÍA PARA O CONCELLO DE RIBEIRA”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202602/177

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 11/02/2026. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE REMODELACIÓN DEL FRENTE LITORAL DEL PASEO DE LAS CAROLINAS Y ACCESIBILIDAD A LA PLAYA DE COROSO (PSTD-PRTR)”

5.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Atracciones Fercosti

Foi retirado da Orde do Día o escrito presentado por **Atracciones Fercosti**, de data 05/02/2026 (Rexistro de entrada nº 2.894), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (“Tren Popó”), no Parque García Bayón (Ribeira), os días 13 ao 22/02/2026.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22002 15.09.2025 JUAN CARLOS PARADA SUÁREZ, construción de piscina, na rúa Peteiras, nº 2, Aguiño (2025 COMU000470).

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20330 28.08.2025 CARLOS TOMÉ VIDAL, arranxo do tellado, no lugar de Salmón, 20, Oleiros (2025 COMU000432).

8.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE DOUS SOTOS, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. PROMOTORA: ARACELI ARUSAY ACUÑA PORTEIRO. LUGAR: LAGOIÑA S/N, PALMEIRA, RIBEIRA.

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA DE DOUS SOTOS, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, no lugar de **LAGOIÑA S/N, PALMEIRA, RIBEIRA**, da que é promotora **DNA. ARACELI ARUSAY ACUÑA PORTEIRO**.



EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 28 de xaneiro de 2026**, **informe xurídico** emitido polo **técnico de administración xeral** adscrito ao **Departamento de Urbanismo** con sinatura dixital o **día 29 de xaneiro de 2026**, así como o **informe do secretario xeral** da Corporación de data **5 de febreiro de 2026**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

Proponse á Xunta de Goberno Local, que previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopte o seguinte acordo:

-PRIMEIRO: - CONCEDER a DNA. ARACELI ARUSAY ACUÑA PORTEIRO **licenza urbanística (Nº 7/26)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA DE DOUS SOTOS, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, no lugar de **LAGOIÑA S/N, PALMEIRA, RIBEIRA**, no lugar de Esteirón, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A035014290000KB, nos termos do Proxecto Básico Modificado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 19 de decembro de 2025, Memoria descritiva modificada, Memoria urbanística modificada, Estudio de xestión de residuos con sinatura dixital de 23 de xaneiro de 2026 e Planos modificados con sinatura dixital de 26 de xaneiro de 2026 redactados por D.. Jose Manuel Gago Domínguez (arquitecto col. nº 2.938)

-Previo ao inicio das obras deberase contar coa aprobación municipal do proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico de referencia. No dito proxecto de execución comprobarase que se xustifican todas as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade segundo require o art.349 do RLSG.

-Deberá depositar unha fianza nas arcas municipais de 2.592,76 € para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa.

-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde co preceptivo visado colexial.

-Deberá axustarse a todas as determinacións establecidas no informe do arquitecto municipal de data 28 de xaneiro de 2026

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):



- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de eficiencia enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, de tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.



- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO: - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO. - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO. - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO. - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO. - Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

9.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA URBANÍSTICA (Nº 170/2007). CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE SEIS (6) VIVENDAS - ESTO VA DE IDEAS, S.L.

ACORDO CONCESIÓN LICENCIA INICIAL: XUNTA DE GOBERNO LOCAL 15 DE MARZO DE 2007 (CONTRATAS GAROL SL)

UBICACIÓN: PORTO DE PALMEIRA, RIBEIRA.

PROMOTOR INICIAL: CONTRATAS GAROL SL

PROMOTOR ACTUAL: ESTO VA DE IDEAS SL (CIF B70387972)

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA URBANÍSTICA nº 170/2007** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE SEIS (6) VIVENDAS** no lugar de **PORTO DE PALMEIRA, RIBEIRA**, e do que é promotora actual a entidade **ESTO VA DE IDEAS SL (CIF B 70387972)**, (anterior titular: **CONTRATAS GAROL SL, XUNTA DE GOBERNO LOCAL 15 DE MARZO DE 2007**), e con base aos seguintes

I

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Xunta de Goberno Local de data **15 de marzo de 2007** na que se concede a **licenza de obras nº 170/2007** á entidade **CONTRATAS GAROL S.L.** para a **construcción de edificio de seis (6) viviendas** en parcela con refª catastral nº 3544105NH0134S0001WH e sito no **Porto de Palmeira, Ribeira**.

SEGUNDO.- Posteriormente a entidade **ESTO VA DE IDEAS S.L.** (CIF B70387972), **adquiriu a licenza de obras nº 170/2007** en virtude da escritura pública de compravenda de inmuebles outorgada perante o Notario de Boiro D. José Prieto Luengo o día **22 de decembro de 2022**, que foi debidamente **comunicada ao Concello de Ribeira o día 14 de xaneiro de 2026**, (Rexistro de entrada nº 1.025), solicitando o cambio de titular da mencionada licenza.

II

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales. Arts. 5, 9, 13
- Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de septiembre. Arts. 351, 360
- LEY 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia. Art. 142
- Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia. Art. 288
- Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. Art. 69
- Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales.
- REAL DECRETO LEGISLATIVO 1/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Catastro Inmobiliario. Arts. 40-41
- Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos)
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Art. 21.1.q
- Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17 de decembro



de 2002, publicado no B.O.P. de data 14 de xaneiro de 2003 e no D.O.G. do 20 de marzo de 2003.

III

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRA:- A **parcela** na que se sitúa a edificación obxecto da licenza de obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO**.

SEGUNDA:- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación

TERCEIRA.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

CUARTA.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

QUINTA.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exigencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual,



así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse

SEXTA.- O artigo 142 da LSG, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMA.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LSG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVA.- O artigo 144 da LSG regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a



licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENA.- O artigo 145 da LSG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMA.- O artigo 147 da LSG establece en relación aos actos promovidos polas administracións públicas que

Os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

- As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

- As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

- As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.



- A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:
 - a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
 - b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
 - c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
 - d) Orzamento de execución material.
 - e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
 - f) Nome ou razón social da persoa promotora.
 - g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
 - h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
 - i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.
- Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO TERCEIRA.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día **20 de outubro de 2025**.

IV RESOLUCIÓN

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, visto o informe xurídico con proposta de resolución do secretario xeral da corporación, de data 05/02/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- TOMAR COÑECEMENTO e PRESTAR CONFORMIDADE ao CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE OBRA Nº 170/07 en favor da entidade **ESTO VA DE IDEAS S.L. (CIF B70387972)**, segundo contrato de compraventa de inmobles autorizada polo Notario de Boiro D. José Prieto Luengo o día 22 de decembro de 2022, para a construción de edificio de seis (6) vivendas en parcela con refª catastral nº 3544105NH0134S0001WH e sito no Porto de Palmeira, Ribeira.



SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de eficiencia enerxética.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*



- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás



condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

DÉCIMO SEGUNDO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

10.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN FIANZA/AVAL – José Francisco Gómez Suárez/Ana Sainz Jiménez

Visto o escrito presentado por **José Francisco Gómez Suárez/Ana Sainz Jiménez**, de data 15/09/2025 (Rexistro de entrada nº 21.914), no que solicita a devolución do aval depositado como garantía de obras de demolición de vivienda unifamiliar realizadas en Rúa Real, nº 4, Corrubedo (Ribeira). Expediente 2025/ LIC-000005.

Visto o informe favorable emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 03/02/2026.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Aprobar a devolución da fianza depositada por **José Francisco Gómez Suárez/Ana Sainz Jiménez** como garantía de obras de reposición de pavimentación polas obras de demolición de vivienda unifamiliar realizadas en Rúa Real, nº 4, Corrubedo (Ribeira). Expediente 2025/LIC-000005, polo importe de 920,19 €.

11.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN FIANZA/AVAL – Borja Gago Peña

Visto o escrito presentado por **Borja Gago Peña**, de data 01/07/2024 (Rexistro de entrada nº 17.004), no que solicita a devolución de fianza/aval depositada como garantía de obras de canalización para rede de sumidoiro e auga potable realizadas en Camiño de Chacín, Palmeira (Ribeira). Expediente 2018/ COMU000184.

Visto o informe favorable emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 04/02/2026.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución da fianza/aval depositada por **Borja Gago Peña** como garantía de obras de canalización para rede de sumidoiro e auga potable realizadas en Camiño de Chacín, Palmeira (Ribeira). Expediente 2018/ COMU000184, polo importe de 450,00 €.

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Rosa María Pérez Domínguez

Visto o escrito presentado por **Rosa María Pérez Domínguez**, de data 05/02/2026 (Rexistro de entrada nº 2.873), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0522912NH0102S0001BH (LUGAR DE RÚA LEPANTO, Nº 2, 15960, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 06/02/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0522912NH0102S0001BH (LUGAR DE RÚA LEPANTO, Nº 2, 15960, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Concepción Romay Sobrido

Visto o escrito presentado por **María Concepción Romay Sobrido**, de data 05/02/2026 (Rexistro de entrada nº 2.855), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A902014330000UF (LUGAR DE EIREXA, OLVEIRA, 13, 15969, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 06/06/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A902014330000UF (LUGAR DE EIREXA, OLVEIRA, 13, 15969, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.



14.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Alberto Rodríguez Díaz

Visto o escrito presentado por **Alberto Rodríguez Díaz**, de data 05/02/2026 (Rexistro de entrada nº 2.848), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A029004160001LL (LUGAR DE LIXÓ, OLEIROS, MONTE LIXÓ. 15993, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 05/02/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A029004160001LL (LUGAR DE LIXÓ, OLEIROS, MONTE LIXÓ. 15993, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Norma Galicia, S.L.

Visto o escrito presentado por **Norma Galicia, S.L.**, de data 18/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.267), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 85810232MH9088S0001BP (RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO, Nº120-AGUIÑO, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 05/02/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 85810232MH9088S0001BP (RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO, Nº120-AGUIÑO, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

16.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Luis Manuel Pérez Paz

Visto o escrito presentado por **Luis Manuel Pérez Paz**, de data 05/02/2026, no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 35464IINH0134N0032RU (LUGAR DE RÚA DE ARROCHELA, 17, BLOQUE 2 P3, 1º H, 15959, PALMEIRA, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 05/02/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que



-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 35464IINH0134N0032RU (LUGAR DE RÚA DE ARROCHELA, 17, BLOQUE 2 P3, 1º H, 15959, PALMEIRA, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

17.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Rosa Rey González

Visto o escrito presentado por **Rosa Rey González**, de data 04/02/2026 (Rexistro de entrada nº 2.754), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8984124MH9088S0001HP (RÚA MANUEL MURGUÍA, 17, 15965, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 04/02/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8984124MH9088S0001HP (RÚA MANUEL MURGUÍA, 17, 15965, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

18.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. ALFONSO PÉREZ SANTOS, EN NOME E REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE OCCIDENT GCO S.A.U DE SEGUROS Y REASEGUROS, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 6415DFP, POR MOR DAS LABORES DE ROZA DOS/AS OPERARIOS/AS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2025 RESP000049.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. ALFONSO PÉREZ SANTOS**, en nome e representación da entidade **OCCIDENT GCO S.A.U DE SEGUROS Y REASEGUROS**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 28 de outubro de 2025, operarios municipais atopábanse no Polígono Industrial de Xarás, do termo municipal de Ribeira, facendo labores de roza, cando, de súpeto, varias pedras saíron despedidas das máquinas que estaban a utilizar na súa labor, batendo contra o vehículo marca Smart, modelo Smart Fort.C, con placas de matrícula 6415DFP, propiedade de D^a Ana Mayán Blanco e asegurado na compañía OCCIDENT GCO S.A.U DE SEGUROS Y REASEGUROS baixo o número de póliza 54197153.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 05/12/2025, co número 202500029243, D. Alfonso Pérez Santos, en nome e representación de OCCIDENT GCO S.A.U DE SEGUROS Y REASEGUROS, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados ó



automóbil, que cuantifica na contía total de 205,12 €, mais os xuros que legalmente correspondan.

Co seu escrito achega a seguinte documentación: escritura de poder xeral para pleitos, outorgada na data 16/01/2024, ante o Notario de San Cugat del Vallés, D^a M^a Concepción Alonso Vasallo, co número 43 de protocolo; parte de servizo número 2315/2025 realizado pola policía local do Concello de Ribeira; factura número 1250871382 emitida na data 03/11/2025, pola entidade “Carglass S.L.”; xustificante de abona da citada factura; contrato de seguro formalizado entre D^a Ana Mayán Blanco e Occident.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Parte de Servizo número 2315 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 22/12/2025 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 15/01/2026 polo capataz de xardíns do Concello de Ribeira.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións pola parte reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 20/01/2026 co número 202600001381, e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva



realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 29/10/2025, resolveuse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica o momento en que os danos efectivamente se produciron, nin a avaliación económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente acuse de recibo de notificación practicada á interesada na data 06/11/2025.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.



Por todo o exposto, **visto** o informe con proposta de resolución emitido pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 03/02/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D^a Beatriz Paz Abreu, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 26/06/2025, co número 15692, **e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 29/10/2025, notificado na data 06/11/2025**. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

24.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a ANTONIA ALONSO GÓMEZ, POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2025 RESP000030.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a ANTONIA ALONSO GÓMEZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 17/07/2025 co número 17508, D^a M^a Antonia Alonso Gómez promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas por mor dunha caída na Rúa do campo de fútbol de Corrubedo, como consecuencia do mal estado da mesma.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 07/11/2025, resolvease admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica o momento no que as lesións efectivamente se produciron e a avaliación económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente acuse de recibo de notificación practicada á interesada na data 21/11/2025.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-



A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, **visto** o informe con proposta de resolución emitido pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/02/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D^a M^a Antonia Alonso Gómez, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 17/07/2025, co número 17508, **e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 07/11/2025, notificado na data 21/11/2025.** Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

25.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. CRISTIAN BOUZÓN CRUZ, POLOS DANOS SUFRIDOS POLO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD Ó SER RETIRADO POLA GRÚA. EXPEDIENTE 2025 RESP000027.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. CRISTIAN BOUZÓN CRUZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade,



como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 14/07/2025 co número 17187, D. Cristian Bouzón Cruz promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos na data 12/07/2025 no vehículo da súa propiedade cando foi retirado pola grúa.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 06/11/2025, resolveuse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non acredita a titularidade do vehículo danado, nin a avaliación económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente acuse de recibo de notificación practicada ó interesado na data 11/11/2025.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

CUARTO.-



No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, **visto** o informe con proposta de resolución emitido pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/02/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. Cristian Bouzón Cruz, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 14/07/2025, co número 17187, **e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 06/11/2025, notificado na data 11/11/2025.** Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

26.- VAO PERMANENTE – Juan José Pérez Gómez

Visto o escrito presentado por **Juan José Pérez Gómez**, de data 02/02/2026 (Rexistro de entrada nº 2.451), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Fontenova, nº 13 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 04/02/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Conceder a Juan José Pérez Gómez**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Fontenova, nº 13 (Castiñeiras), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela da entrada ao garaxe, según o sinalado no citado informe policial.
- Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



27.- VAO PERMANENTE (AMPLIACIÓN LIÑA AMARELA) – Remigia Fernández Santiago

Visto o escrito presentado por **Remigia Fernández Santiago**, de data 26/01/2026 (Registro de entrada nº 1.844), no que solicita unha ampliación de liña amarela (1 m. (0,50 cm. + 0,50 cm.) da reserva de vao permanente para a entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Río Azor, nº 22 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 03/02/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Remigia Fernández Santiago, autorización para a ampliación de liña amarela (1 m. (0,50 cm. + 0,50 cm.) da reserva de vao permanente para a entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Río Azor, nº 22 (Palmeira), según o sinalado no citado informe policial.

28.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 00023/2026 DO TRIBUNAL DE INSTANCIA – PRAZA Nº 3 DA SECCIÓN DO SOCIAL – DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse Conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00023/2026 do Tribunal de Instancia – Praza nº 3 da Sección do Social – de Santiago de Compostela, de data 28/01/2026, Polo que se desestima a demanda (PO 3/2025) interposta por Ana María Lusquiños González fronte ao Concello de Ribeira, declarando a absolución da entidade demandada.

29.- SOLICITUDE DE REALIZACIÓN DE ACTO SIMBÓLICO FAMILIAR NA PRAIA DA CATÍA, AGUIÑO, T.M. DE RIBEIRA - Paula Fernández Franco

Asunto:	Solicitud de realización de acto simbólico familiar na praia da Catía, Aguiño, T.M. de Ribeira
Forma de inicio:	Solicitud de data 2 de febreiro de 2026, entrada núm. 2.515
Expediente:	2026/LITO000005
Datos comunicante:	Paula Fernández Franco, DNI 71131282X, T: 685976099

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Escrito presentado por Paula Fernández Franco, de data 2 de febreiro de 2026 (entrada núm. 2.515), mediante o que solicita: *“SOLICITO INFORMACIÓN E, SE PROCEDE, AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR UN ACTO SIMBÓLICO E PRIVADO DE CARÁCTER FAMILIAR NA PRAIA DE CATÍA NO VERÁN DE 2026. TRÁTASE DUNHA CERIMONIA SIMBÓLICA MOI SINXELA, SEN VALOR LEGAL, CUNHA DURACIÓN APROXIMADA DE 30–40 MINUTOS, SEN ESTRUCTURAS FIXAS, SEN MEGAFONÍA NIN MÚSICA AMPLIFICADA, SEN XERADORES, SEN CORTE DE PASO E SEN USO EXCLUSIVO DO ESPAZO PÚBLICO. ENTENDEMOS QUE POR MOTIVOS AMBIENTAIS, DE USO PÚBLICO OU ORGANIZACIÓN NON SEXA POSIBLE NESTA PRAIA, POLO QUE ESTAMOS ABERTOS A VALORAR OUTROS AREAIS QUE CONSIDEREN MÁIS ADECUADAS. O NÚMERO ESTIMADO DE PERSOAS PARA A CERIMONIA SERÍA REDUCIDO (APROX. 30–40 PERSOAS), COLOCADAS DIRECTAMENTE SOBRE A AREA, SEN CADEIRAS NIN INSTALACIÓNS. TRAS A CERIMONIA, O GRUPO ABANDONARÍA O AREAL DE MANEIRA INMEDIATA. COMPROMETÉMONOS EXPRESAMENTE A: RESPECTAR O USO PÚBLICO DA PRAIA E CONDICIÓNS QUE NOS INDIQUEN, NON DEIXAR RESIDUOS NIN ALTERAR O ENTORNO. ADXUNTAMOS UN PEQUENO DOSSIER EXPLICATIVO CO DETALLE DO ACTO.”*



Segundo. O obxectivo principal da actividade é desenvolver un acto simbólico de carácter privado na praia da Catía, Castiñeiras, coas seguintes características:

- Data: 19 de setembro de 2026.
- Horario: de 19.00 a 19.35 h.
- Duración: 30-40 minutos.
- Núm. estimado de asistentes: 30-40 persoas.

O acto terá un carácter familiar, recollido e respectuoso co entorno, cunha estética natural e discreta, integrada na paisaxe costeira, empregando elementos sinxelos e non invasivos, sempre co máximo respecto polo entorno e polo uso público da praia.

As condicións operativas son as seguintes:

- Sen estruturas fixas.
- Sen carpas.
- Sen tarimas.
- Sen megafonía nin música amplificada.
- Sen iluminación artificial.
- Sen delimitación do espazo.
- Sen uso exclusivo do areal.

Ao remate do acto simbólico, a persoa responsable realizará unha revisión do areal e da súa contorna inmediata, procederase á retirada íntegra de todos os elementos empregados durante a cerimonia, deixando o espazo nas mesmas condicións nas que foi atopado, en pleno respecto polo entorno natural e polo uso público da praia.

A localización prevista para o acto está en dominio público marítimo-terrestre.

2. NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*
- *Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas*
- *Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas*
- *Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia*

3. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. De conformidade co artigo 25 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*, o Concello exerce competencias, entre outras, en materia de protección do medio ambiente, seguridade, convivencia cidadá e xestión dos espazos públicos no ámbito do seu termo municipal.

Segundo. Segundo a *Lei 22/1988, de Costas*, as praias teñen a consideración de dominio público marítimo-terrestre e están destinadas ao uso común xeral, que é libre, público e gratuíto, non requirindo autorización administrativa sempre que non se produza ocupación privativa nin uso especial do dominio público.

Terceiro. O *Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas*, establece que os usos comúns xerais comprenden aquelas actividades de carácter puntual que non impliquen instalacións, non limiten o acceso público nin produzan danos ao medio natural.



Cuarto. A Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, recoñece o papel dos concellos costeiros na xestión ordinaria do litoral, promovendo un uso compatible, respectuoso e sostible dos espazos litorais, así como a coordinación co resto de administracións públicas.

Quinto. Á vista da natureza da actividade descrita na solicitude presentada, considérase que o acto proposto pode cualificarse como uso común xeral do dominio público marítimo-terrestre, sen prexuízo do cumprimento das normas de convivencia, seguridade e protección ambiental.

4. RESOLUCIÓN

Á vista do exposto, **visto** o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga, de data 04/02/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Autorizar a realización do acto simbólico familiar solicitado por Paula Fernández Franco, na praia da Catía, ao considerarse un uso común xeral do dominio público marítimo-terrestre, de carácter puntual e sen ocupación privativa, de conformidade coa normativa vixente.

Segundo. Condicionar a realización do acto ao cumprimento das seguintes condicións:

1. Non se permitirá a instalación de estruturas, mobiliario, decoracións ou elementos auxiliares que supoñan ocupación relevante do dominio público, alteren a paisaxe ou dificulten o uso público da praia. Os elementos que, no seu caso, se empreguen deberán ser facilmente retirables, non deixar pegada no areal e non producir afección ambiental nin paisaxística.
2. Non se poderá delimitar nin reservar espazo que impida o uso público da praia por terceiros.
3. Deberá garantirse o respecto ao medio natural, quedando prohibido calquera vertedura, alteración da area, da vexetación ou do ecosistema litoral.
4. A persoa solicitante deberá facerse cargo da limpeza íntegra do espazo utilizado, deixando a praia nas mesmas condicións previas ao acto.
5. O acto deberá desenvolverse sen producir molestias á veciñanza nin ao resto de persoas usuarias da praia.

Terceiro. Facer constar expresamente que o presente acordo non substitúe nin exime, no caso de resultar necesario, da obtención doutras autorizacións sectoriais que poidan corresponder a outras administracións públicas competentes.

Cuarto. Notificar o presente acordo á persoa interesada, para o seu coñecemento e efectos.

Quinto. Dar traslado da solicitude presentada e do presente acordo ao Servizo Territorial do Litoral da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento, sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder, en aplicación dos principios de coordinación e cooperación interadministrativa previstos na Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

5. OBSERVACIÓN FINAL



Este acordo ten carácter de informe e control municipal, sen prexuízo das competencias estatais e autonómicas sobre o dominio público marítimo-terrestre.

30.- SOLICITUDE CANCELACIÓN ACTIVIDADES DE ENTROIDO EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA – Asociación Asistencial TDAH Salnés

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 04/02/2026, relativa á solicitude de cancelación actividades de Entroido en instalacións municipais adscritas á Área de Cultura, na que expón:

“Con data 3 de febrero de 2026 envíouse á Xunta de Goberno Local proposta de referencia “Uso de Instalacións Municipais” entre as que figura á petición da Asociación Asistencial TDAH Salnés, interesada en dispor da Casa de Cultura de Aguiño “Manuel Ayaso” con motivo de celebrar actividades de Entroido os días 16, 17 e 18 de febrero de 2026 e en horario de 10 a 14 horas.

No día de hoxe temos coñecemento da solicitude presentada por dona Eva María Silva Noal en nome da Asociación Asistencial TDAH Salnés (sede electrónica de data 03/02/2026 núm. Rexistro 2026 2606) na que manifesta que:

“... debido a un contratempo, non poderan realizar as actividades de Entroido, por iso mesmo cancelamos a petición do uso das instalacións os días 16, 17 e 18 de febrero en horario de 10.00 – 14.00 h”.

Por conseguinte, este documento formaliza a retirada parcial da proposta elevada á Xunta de Goberno Local debido á anulación solicitada pola interesada sobre a petición de uso temporal desta instalación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a exclusión do punto afectado no expediente, basándose na petición expresa da Asociación Asistencial TDAH.

31.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA AO CLUB KEMPO BARBANZA, PARA A CELEBRACIÓN CAMPIONATO GALEGO INFANTIL DE KEMPO

LOGO DE VER que Iván Parada Novo, en representación do Club Kempo Barbanza, presenta escrito de data 02/02/2026, con número de rexistro de entrada municipal 2.465, solicitando: **“SOLICITO COMPLEXO MUNICIPAL DE A FIEITEIRA PARA REALIZACIÓN E ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO DE KENPO INFANTIL O VINDEIRO 7 DE MARZO DE 2026, XORNADA DE MAÑÁ 09:00 A 14:00 E TARDE DE 16:00 A 20:00. NECESIDADES :**

- *. MEGAFONÍA.**
- *. 6 MESAS E 30 SILLAS .**
- *. PODIO DE 3 ALTURAS”**

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS



1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. O pavillón A Fieiteira non ten actividade programada para a data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 09-02-26, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 09-02-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión do polideportivo A Fieiteira ao Club Kempo Barbanza, para a celebración da “Campionato Galego Infantil de Kempo” cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **sábado 7 de marzo de 2026 (de 9.00h. a 14.00h. e de 16.00h. a 20.00h.)**.
- O departamento de deportes cederá para o desenvolvemento do evento o seguinte material: **1 megafonía básica, 6 mesas, 30 cadeiras e podio de 3 alturas**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.



32.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN VIII BANDEIRA DE BATEIS FEMININA E MASCULINA – CONCELLO DE RIBEIRA, AO CLUB DE REMO NÁUTICO DE RIBEIRA

LOGO DE VER D. Jesús Silva Vidal, en representación do “Club de Remo Náutico de Ribeira”, presenta escrito de data 29-01-2026, con número de rexistro de entrada municipal 2.107, SOLICITANDO:

“AUTORIZACION CELEBRACION VIIIBANDEIRA DE BATEIS MASCULINA E FEMININA CONCELLO DE RIVEIRA”

“A asistencia dos membros da AGRUPACION LOCAL DE PROTECCION CIVIL do Concello, para prestar asistencia con medios acuáticos (zodiac) desde as 10:30 horas as 13:30 horas na zona exterior do peirao comercial.

Tamén se require a presenza dunha patrulla da Policía Local, para regular o acceso dos remolques, autobuses e demais vehículos dos clubs participantes, na entrada do Porto Comercial – ao carón da gasolinera da entrada ao mesmo, no horario antes indicado.”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
3. Consultados o inspector xefe da Policía Local de Ribeira e capataz do GAEM de Ribeira, informan que non atopan impedimento algún á celebración desta proba deportiva.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 09-02-26, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 09-02-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Se procede, sexa autorizada a celebración da VIII Bandeira de Bateis Feminina e Masculina – Concello de Ribeira ao Club de Remo Náutico de Ribeira cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **8 de marzo de 2026** ao longo de toda a mañá.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado (CAPITANÍA MARÍTIMA, PORTOS DE GALICIA,...).
- Dar traslado á Policía Local e ao GAEM de Ribeira dos servizos solicitados para poder levar a cabo a celebración do evento (os extremos da colaboración destes corpos no desenvolvemento da competición, serán acordados en reunión entre os organizadores da proba e os xefes da Policía Local e GAEM de Ribeira).
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se



regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

33.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE CELEBRACIÓN DE LACONADA BENÉFICA NAS INSTALACIÓNS DO PAVILLÓN “ALCALDE TORRES COLOMER” (PALMEIRA) – Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira

Vista a proposta conxunta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, e polo Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 10/02/2026, relativo á solicitude para a celebración dunha “Laconada” benéfica con motivo do entroido, o vindeiro 14 de febreiro de 2026 nas instalacións do pavillón “Alcalde Torres Colomer” na parroquia de Palmeira, na que expoñen:

“Recíbese solicitude presentada por Tania Santos Ferrás, en nome da Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira, sede electrónica 2025 25328 de data 21/10/2025 interesada en celebrar unha “Laconada” benéfica con motivo do entroido, o vindeiro 14 de febreiro de 2026 nas instalacións do pavillón “Alcalde Torres Colomer” na parroquia de Palmeira .

No que compete a estas áreas municipais de cultura e festexos, a solicitude inclúe as seguintes peticións:

1. **Autorización para celebrar este evento con motivo do Entroido.**
2. **Actuación dunha charanga/gaitas para amenizar a comida.**

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

- **Memoria do evento:** Descrición detallada, itinerario (croquis), horarios (saída/remate), número de participantes.
- **Plan de Seguridade e Emerxencias:** Inclúe previsión de ambulancias e/ou personal médico (mínimo 1 ambulancia e 1 médico para eventos xerais, aumentando según o aforo previsto).
- **Seguro de Responsabilidade Civil:** Póliza vixente que cubra posibles riscos a participantes e público, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- **Presentar o xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.
- **Actos con lume ou risco de incendio**

Solicitar autorización para fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume, se se prevé o seu uso; Cumprir coa normativa sobre prevención de incendios forestais; Asumir a responsabilidade polos danos ou incendios que se poidan producir.

- **Dereitos de autor.** Xestionar e abonar á **SGAE** ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.
- **Outras autorización**

Obter calquera autorización adicional doutras administracións públicas ou entidades privadas, se fose necesaria (ocupación de espazo de dominio público portuario, entre outros).

Dispor de autorizacións adicionais si se instalan estruturas desmontables (escenarios ou gradas), sendo necesario dispor do certificado de montaxe e seguridade.

A entidade organizadora é responsable do cumprimento íntegro da normativa aplicable, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.



Dito esto, **INFORMAMOS favorablemente para que a Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira, previa Declaración Responsable do cumprimento íntegro da normativa aplicable,**

- **Celebre a Laconada de Entroido na parroquia de Palmeira o día 14 de febreiro de 2026.**

Por medio do presente, e xunto o Informe de Uso das instalacións municipais deportivas, pavillón "Alcalde Torres Colomer", de Palmeira asinado polo Técnico do Departamento de Deportes na data 20/01/2026."

Visto o informe emitido ao respecto polo Técnico do Departamento de Deportes, de data 20/01/2026.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

-**Autorizar** á Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira, a celebración da Laconada de Entroido en Palmeira o vindeiro 14 de febreiro de 2026.

-**Requirir** a esta o cumprimento das obrigas establecidas anteriormente xunto coas recollidas no informe do Técnico do Departamento de Deportes:

Condicionantes do Departamento de Deportes en relación á ocupación e uso das instalacións:

- **A autorización poderá ser gratuíta**, conforme o artigo 7º. da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", ao tratarse dunha actividade de carácter cultural e benéfico.
 - 2.- *Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100 % das tarifas. A devandita bonificación será outorgada por decreto de Alcaldía, previo informe da Oficina Municipal de Deportes.*
 - 3.- *A Alcaldía por decreto, previo informe da Oficina Municipal de Deportes, poderá conceder bonificacións ou a total exención desta taxa no caso de utilización das instalacións para a celebración de actos organizados con fins benéficos.*
 - 4.- *As persoas ou entidades interesadas na obtención das exencións ou bonificacións establecidas nesta Ordenanza, instarano ó Excmo. Concello con anterioridade á celebración das actividades, acreditando suficientemente as circunstancias que xustifiquen a súa pretensión.*
- A cesión das instalacións será só para o sábado **14 de febreiro de 2026, de 11.00 a 23.00 horas.**
- **O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego**, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado (**ao día seguinte hai competición federada**).
- O departamento de deportes, poñerase en contacto co servizo de limpeza municipal para **dotar a instalación de contedores de lixo grandes (3 amarelos e 3 verdes)**.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización deste tipo de eventos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.



- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

34.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN CULTURAL O SERRIÑO OS MILLORES DE AGUIÑO – Celebración da Festa Gastronómica “Festa da Navalla” (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Mar, Fernando Abrales Pérez, de data 06/02/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural O Serriño Os Millores de Aguiño, co obxecto da celebración da Festa Gastronómica “Festa da Navalla”.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 09/02/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural O Serriño Os Millores de Aguiño, co obxecto da celebración da Festa Gastronómica “Festa da Navalla”, por importe de 4.000,00 € en concepto de subvención.

35.- SOLICITUDE ESPAZO NO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA (AMPLIACIÓN DE DATAS) – Programa Integrado de Emprego

Visto o escrito presentado por Estela Saa Villaverde en representación do **Programa Integrado de Emprego** do Concello de Ribeira, de data 11/02/2026 (Rexistro de entrada nº 3.275), no que solicita a cesión de uso da Aula de Xestión e Taller de Cociña situada no 2º andar do Mercado Municipal de Ribeira (Ampliación de datas), co fin de realizar as formacións da especialidade de cociña do P.I.E. nas seguintes datas: 04, 11, 18 e 25/03/2026 (“Fundamentos básicos en cociña”); en horario de 15:00 h. a 20:00 h.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada en data 29/01/2026, polo que se autoriza ao PIE a cesión de uso da Aula de Xestión e Taller de Cociña situada no 2º andar do Mercado Municipal de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

-Autorizar a cesión de uso da Aula de Cociña situada no 2º andar do Mercado Municipal de Ribeira (Ampliación de datas), co fin de realizar as formacións da especialidade de cociña do P.I.E. nas seguintes datas: 04, 11, 18 e 25/03/2026 (“Fundamentos básicos en cociña”); en horario de 15:00 h. a 20:00 h.



36.- CESIÓN DE USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA

Vista a proposta da Concelleira delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 11/02/2026, relativa á cesión de uso temporal de instalacións adscritas á Área de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude de Abdón Santos Santos en nome da Asociación Vivir Corrubedo, sede electrónica número 2026 3139 de data 09/02/2026, interesando dispor da Aula Multidisciplinar do Centro Social-Cultural para realizar o Entroido Infantil o vindeiro 13 de febreiro 2026 en horario 16.00 a 19.00 horas.

Considerando que o motivo deste uso temporal é a celebración de actos de interese lúdico - cultural, aberto á cidadanía e promovido e organizado por unha entidade que carece de ánimo de lucro.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Previa consulta na axenda de reservas de instalacións obxecto desta proposta, emítese INFORME Favorable de Uso Temporal para a celebración do Entroido Infantil organizado pola asociación Vivir Corrubedo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar o Uso Temporal** da sala multidisciplinar do Centro Socia-Cultural de Corrubedo para celebrar o Entroido Infantil organizado pola Asociación Vivir Corrubedo, o vindeiro 13 de febreiro de 2026 en horario de 16.00 a 19.00 horas.

Trasladar esta reserva á Asociación A Farola conforme o acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2025, para que cancele a súa actividade o venres 13 de febreiro en horario de 18.30 a 20.30 horas segundo o punto 2 das Condicións de Uso aprobadas (A disponibilidad da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos).

- **Notificar o acordo á antedita entidade organizadora xunto coas Condicións de Uso que se indican:**

CONDICIÓNS DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A disponibilidad da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.



3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Por motivos de seguridade e prevención de incendios, "non poderá cociñar con fogo" quedando prohibido empregar cociñas de gas, barbacoas ou parrillas, hornillos portátiles e similares.
10. Facilitarase á persoa solicitante, as chaves correspondentes para a apertura e peche da instalación municipal, quen será responsable da súa custodia e devolución nas oficinas municipais no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira unha vez expirado o período antedito. O solicitante da utilización responderá da devolución da chave e non estando permitido realizar reproducións da mesma, salvo que a concellería correspondente así o autorice.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.**

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:35 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

